

Produccións

CDG_06-07
CENTRO
DRAMÁTICO GALEGO

O REGRESO AO DESERTO

de Bernard-Marie Koltès

Dirección: Cristina Domínguez Dapena



CENTRO DRAMÁTICO GALEGO
temporada 2006-2007

O regreso ao deserto

de Bernard-Marie Koltès

dirección: Cristina Domínguez

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 572
Fax 981 570 541
centro.dramatico.galego@xunta.es

Comunicación. IGAEM
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
prensa.igaem@xunta.es
www.igaem.xunta.es

| ÍNDICE |

<i>Para facer rir</i>	3
Ficha artística	4
Funcións	5
Sinopse	6
O autor	7
A directora	8
O elenco	9
Imaxes	23

| PARA FACER RIR |

O regreso ao deserto é a primeira peza na que quixen que predominase o cómico. Unha comedia sobre un tema que pode ser que non sexa —soamente— un tema de comedia; pero non estamos obrigados a someternos ás regras dun xénero.

A provincia francesa —que eu coñezo ben— as historias de familia, de herdanza, de nenos ilexítimos, de cartos, son temas espléndidos para facer rir; a presenza lonxe, difusa, deformada da guerra de Alxeria énos moito menos. Quixen mesturar os dous, facer rir e, ao mesmo tempo, inquietar un pouco.

O egocentrismo, o inmovilismo, a arrogancia e, a miúdo, a maldade dos occidentais en xeral, e dos franceses en particular, e sobre todo na provincia, son ao mesmo tempo divertidas e non. Iso é o que quixen contar.

(...) Coido tamén ter cambiado de estilo. Pode ser porque parto coa vantaxe de disfrutar escribindo, cousa que non sempre estivo presente outra veces. Agora escribo máis rápido, escribo a peza do principio ao fin, sei dende o inicio máis ou menos cara a onde vou, e logo, deseguida, traballo o corpo do texto. É moi agradable sentir o pracer de escribir e non soamente sentir a necesidade (...)

Extracto do texto publicado por B.M. Koltès en *Le Monde*
co gallo da estrea en París de *O regreso ao deserto*

| FICHA ARTÍSTICA |

Autor	Bernard-Marie Koltès
Dirección	Cristina Domínguez Dapena
Reparto	Luísa Merelas <i>Mathilde Serpenoise</i> Celso Parada <i>Adrien, o seu irmán</i> Toni Salgado <i>Mathieu, fillo de Adrien</i> Rocío González <i>Fátima, filla de Mathilde</i> Alberto Rolán <i>Edouard, fillo de Mathilde</i> Ursia Gago <i>Marie, primeira muller de Adrien. Morta</i> Josefa Barreiro <i>Marthe, irmá de Marie e 2ª muller de Adrien</i> Pilar Pereira <i>Maame Queuleu, ama</i> Manuel Areoso <i>Aziz, criado</i> Robert Matthews <i>O Gran Paracaidista Negro</i> Mohamed Azibou <i>Saïfi, patrón do café árabe</i> César Goldi <i>Plantières, prefecto da Policía</i> Alfredo Rodríguez <i>Borny, avogado</i> Vicente Montoto <i>Sablon, prefecto do Departamento</i>
Espazo escénico	Xoán Anleo
Espazo sonoro	Ugia Pedreira
Deseño de iluminación	Octavio Mas
Deseño de vestuario e estilismo	La Canalla (Francisco J. e Patricia Soto)
Deseño gráfico	Signum
Fotografía	Tono Arias
Realización perruquería	Anil Perruqueiros
Realización vestuario	Concha Abad, Clotilde Vaello
Caderno pedagógico	Alfredo Rodríguez Fernández
Tradución	Fernando Moreiras
Asesoría en movemento escénico	Olga Cameselle
Axudante de dirección	Anabell Gago

| FUNCÍONS |

Santiago Salón Teatro: do 20 de outubro ao 19 de novembro

-venres 20 de outubro, ás 21.00 h. (estrea con invitación)

-sábado 21 de outubro, ás 21.00 h.

-domingo 22 de outubro, ás 18.00 h.

Resto de funcións, de mércores a domingo:

-mércores, ás 11.00 h. (funcións escolares para institutos); agás o mércores 1 de novembro, ás 20.30 horas

-xoves, venres e sábado, ás 20.30 h.; agás o xoves 2 de novembro, ás 11.00 h. (para institutos)

-domingo, ás 18.00 h.

Prezo das entradas: 10 €. Descontos do 50% para maiores de 65 anos, estudantes, persoas en situación de desemprego e familias numerosas.

Horario do despacho de billetes: dende dúas horas antes do comezo da función.

Lugo Auditorio Municipal Gustavo Freire: 24 de novembro, ás 20.30 h.

Pontevedra Teatro Principal: 2 de decembro, ás 21.00 h.

A Coruña Teatro Rosalía de Castro: 5 e 6 de decembro, ás 20.30 h.

Ferrol Teatro Jofre: 9 e 10 de decembro, ás 20.30 h.

Ourense Teatro Principal: 20 e 21 de decembro, ás 20.30 h.

Ribadeo Auditorio Municipal Hernán Naval: 7 de xaneiro, ás 21.00 h.

Vigo Centro Cultural Caixanova: 13 de xaneiro, ás 20.30 h.

Narón Auditorio Municipal: 19 de xaneiro, ás 20.30, e día 20, ás 20.00 h.

| SINOPSE |

Ano 1960, nunha vila de provincias do leste de Francia. A guerra con Alxeria non dá rematado. Mathilde Serpenoise, acompañada dos seus fillos, Fátima e Edouard, volve á casa que herdou do seu pai, tras quince anos de exilio nese país africano.

Decidida a vingarse da súa familia e da sociedade burguesa que lle dera as costas por unha suposta falta cometida na súa mocidade, regresa á casa que agora ocupa o seu irmán, Adrien, coa súa familia. O conflito entre ambos non decae en ningún momento: Mathilde esixe o recoñecemento da súa herdanza, mentres o irmán pon en dúbida a súa propiedade, ao tempo que rexeita convivir cunha estafalaria que fai perigar os cimentos familiares e sociais.

Os seus problemas de comunicación maniféstanse tamén nos curmáns que, preto xa da trintena, non se adaptan á nova situación. A relación entre Fátima e Edouard —que botan de menos Alxeria—, e Mathieu, o fillo de Adrien, é complicada e tensa a pesar dos lazos de sangue e da proximidade das súas idades.

Mathilde chega dunha guerra entre colonizados e colonizadores e, con ela, a guerra instálase tamén no ámbito familiar: o matriarcado contra o patriarcado, o Sur contra o Norte, os nómades contra os sedentarios, os desposuídos contra os propietarios, os pobres contra os ricos. A casa vólvese inhabitable, os enfrontamentos son continuos e o resto dos seus ocupantes, a ama e un criado árabe, tentan inutilmente facer entrar en razón aos dous irmáns, enfrascados nunha disputa que está a arruinar as súas vidas e a súa saúde.

Cal é a saída? Alguén terá que ceder e abandonar a casa, a cidade... Quen o fará? Cara a onde? Ao deserto, de novo?

Escrita en 1988, *O regreso ao deserto* constata a realidade do deterioro das relacións entre o Norte e o Sur, así como os profundos cambios sociais derivados da inmigración, que Koltès sitúa nos primeiros anos sesenta e aborda a modo de gran conflito nun contorno familiar no que se deixa sentir, de xeito inquietante, a guerra de Alxeria.

| O AUTOR |

Bernard-Marie Koltès

Nado na cidade francesa de Metz en 1948, no seo dunha familia pertencente á burguesía militar, Koltès cursa varios anos de Piano e Órgano e algunhas semanas de Xornalismo. En 1970, con vinte anos, asiste por vez primeira a unha representación teatral. A obra —*Medea*, dirixida por Jorge Lavelli e interpretada por María Casares— cáusalle tal impacto que, inmediatamente, decide escribir o seu primeiro texto dramático: unha peza sobre a infancia de Gorki grazas á que consegue entrar na Escola do Teatro Nacional de Estrasburgo.

Durante esta etapa de estudante, funda a compañía Le Théâtre du Quai, para a que crea obras de vangarda como *Les Amertumes* (1970), *La Marche-Le Procès ivre* (1971) e *Récits morts* (1973), que el mesmo dirixe. Para a radio, escribe *L'Héritage* (1972) e *Des Voix sourdes* (1973).

Despois dunha viaxe á URSS en 1973, comeza a súa novela *La Fuite à Cheval très loin dans la Ville*, publicada en 1984, trala que chega *Le Jour des Meurtres dans l'Histoire d'Hamlet*.

En 1976, Koltès volta á escrita dramática con *La Nuit juste avant les Forêts*, obra que dirixe ao ano seguinte xunto a Yves Ferry e presenta no Festival de Aviñón, París, Edimburgo, Múnic e Copenhague. Ao tempo, en 1977, escribe *Sallinger* e en 1979, tralo seu percorrido por Nicaragua, Guatemala e o Salvador, *Combat de Nègre et de Chiens*. Este último texto marca o inicio da súa estreita colaboración con Patrice Chéreau, quen dirixe a obra en 1983, ademais de *Quai Ouest* (1985), *Dans la Solitude des Champs de Coton* (1986) e *Le Retour au Désert —O regreso ao deserto—* (1988). Neste período, Koltès viaxa en numerosas ocasións a Nova York e Senegal.

As súas pezas son representadas en toda Europa, especialmente en Alemaña, país no que obtén un grande éxito. A súa derradeira obra escrita é *Roberto Zucco* (1988), estreada en Berlín en 1990 baixo a dirección de Peter Stein, e exhibida por vez primeira en Francia no TNP, da man de Bruno Boeglin, en 1991.

Bernard-Marie Koltès fina en París en 1989.

| A DIRECTORA |

Cristina Domínguez

Cristina Domínguez Dapena é titulada en Arte Dramática pola Real Escola Superior de Arte Dramática e Danza de Madrid na especialidade de Interpretación. No momento da súa incorporación á dirección do Centro Dramático Galego en maio de 2006, dirixía a compañía A Factoría Teatro, actividade que compaxinaba coa docencia na Escola Superior de Arte Dramática de Vigo (ESAD). Conta cunha ampla experiencia no mundo da escena e tense caracterizado pola súa aposta polo teatro máis contemporáneo e polo gran coidado da escenografía.

Como directora, obtivo o Premio María Casares de Teatro á mellor dirección teatral en 2006 por *Tío Vania* e en 2002 por *Coitelos nas galiñas* (ambas, montaxes de A Factoría Teatro) e o premio Pasarena 1999 de Teatro de Logroño ao mellor espectáculo por *A viaxe de Lola* (Alalá Produccións).

A súa traxectoria inclúe tamén traballos de interpretación nunha ducia de espectáculos e outros tantos como directora, asinando nos últimos anos *O canto do Dime-Dime* de Daniel Danis, *Tío Vania* de Chejov, ou *Os homes só contan até tres* de Antón Lopo. Realizou, así mesmo, dirección teatral en espectáculos de danza contemporánea e musicais, e publicou en 2005 o libro *Técnicas de expresión oral. O uso expresivo da voz* na colección *Biblioteca de Teatro*, que coeditan o IGAEM e Editorial Galaxia.

| O ELENCO |

Luísa Merelas (*Mathilde Serpenoise*)

Actriz de teatro, cine e televisión, Luísa Merelas posúe unha recoñecida traxectoria profesional que principiou en 1970 co espectáculo *A pobriña que está xorda* de Teatro Circo, grupo co que tamén actuaría en *Entremeses famosos sobre da pesca de río Miño* (1973), *Zardigot* (1974), *Macbeth* (1975), *Romance* (1975), *Montaxe Teatro Circo* (1977) e *Os vello non deben de namorarse* (1977).

Entre os seus numerosos papeis escénicos, destacan igualmente os desenvolvidos para a Escola Dramática Galega en *A benfadada historia do coitado Bamboliñas* (1978), *Muller de mulleres* (1978) e *A noite vai coma un río* (1979), así como para a Compañía Luís Seoane en *As criadas* (1980), *A casa das tres lúas* (1981), *A esperar por Godot* (1982), *Edipo Rei* (1983), *Fausto* (1984) e *O rei aborrecido* (1985).

Ten traballado noutras sete producións do CDG —*Caderno de Bitácara* (1985), *As tres irmás* (1987), *A casa dos afogados* (1989), *Valle-Inclán 98* (1998), *Os vello no deben de namorarse* (1999), *Espectros* (2002), e *Ricardo III* (2005)— e en diferentes espectáculos de Teatro do Atlántico (*Xoana*, 1985), Teatro da Salamántiga (*Era unha vez*, 1988; e, como axudante de dirección de Manuel Areoso, en *Hai que desface-la casa*, 1997), EDG-Uvegá (*Electra*, 1994), Librescena (*Mourenza*, 1996), Espello Cóncavo (*As troianas*, 1998), Ancora Produccións (*Paso de cebra*, 2004) e a Companhia de Teatro de Braga (*O amor assassinado*, 2002).

Canto ao audiovisual, participou nos filmes *O baile das ánimas* (1993) de Pedro Carvajal, *Entre bateas* (2001) de Jorge Coira, *Los lunes al sol* (2001) de Fernando León, *La promesa* (2002) de Héctor Carré, e *Heroína* (2005) de Gerardo Herrero, e nas curtas *Afonía* (1996) de Chema Gago e *Onda* (1997) de Antonio Jiménez. Tamén foi parte do elenco de *Terras de Miranda* (2002) e colaborou noutros espazos da TVG, como *Vale-Vale* (1988), *Máis ozono* (1989), *A familia Pita* (1996), *Pratos combinados* (1999), *Mareas vivas* (2000) e *Pequeno Hotel* (2001).

Ademais da súa formación no seo de Teatro Circo e da Escola Dramática Galega, ampliou os seus estudos interpretativos no Institut del Teatre de Barcelona e xunto cos mestres Martín Adjemián, John Strasberg, Augusto Fernández, José Struch e Antoni Chic.

Celso Parada (*Adrien, irmán de Mathilde*)

Actor e director, traballa no mundo da escena dende 1976. No ano 1989 funda Teatro do Morcego, compañía coa que leva a escena *Farsa de Bululú, homenaxe a Manuel María* (2006, actor e director), *O circo enmeigado* (2005, director), *O caso da rúa Lourcine* (2003, actor), *A gran ilusión* (2002, director e actor), *Momo* (2002, director), *Os vellos non deben de namorarse* (2001, director), *Os piratas-A branca rosa* (2000, director), *Morte accidental dun anarquista* (1999, actor), *O Lazariño de Tormes* (1998, actor e director), *A increíble vida de Héctor Loureiro* (actor e director), *Os patios da memoria* (traballando en Montevideo con El Galpón baixo a dirección de Bernardo Galli), *Misterio cómico* (1991, actor), *Rapsodia pimenteliana* (1990) e *Kartoteka* (1989, director e actor), entre outros espectáculos cos que ten participado en destacados eventos teatrais dentro e fóra de Galicia, como o Festival Grec de Barcelona, o FITEI de Porto, diferentes certames en Brasil (Natal, Recife, João Pessoa) e Arxentina, Festival Internacional de Ribadavia, Intercéltico, Festival de Teatro de Cangas, Mostra Gallaecia, etc.

En 2003, escribe e dirixe *A comedia do Gurgullo*, a partir de textos de Plauto, para o Centro Dramático Galego, onde realiza tamén traballos interpretativos (*O colaborador* en 2002, *A cacatúa verde* en 2001 e *A lagarada* en 1992). Participa, ademais, nos espectáculos *A Vía Láctea* (1993-94, actor) de Producións Máxicas, *Macbeth* de Producións do Sur (actor), e *Ubú Rei* (1988, actor) e *Ácido sulfúrico* (1987, director e actor) de Teatro de Ningures.

A súa actividade teatral esténdese igualmente á tradución de textos, á programación teatral e á participación en mesas redondas e debates, entre outras actividades. Ao longo da súa traxectoria profesional foi recoñecido, así mesmo, cos seguintes galardóns: Premio Compostela ao mellor actor pola súa interpretación en *Misterio Cómico*, Premio María Casares á mellor versión por *Lazariño de Tormes*, e segundo premio e mención honorífica no III Encontro de Teatro Xove, celebrado na Coruña en 1986.

Canto á televisión, na actualidade dá vida a un dos personaxes principais de *Libro de familia*, serie que emite TVG, ao igual que outras nas que tamén ten intervido (*Pratos combinados*, *A familia Pita*, *Mareas vivas*, *Pequeno Hotel* e *Rías Baixas*). En cine, participou nas películas *Huidos* de Sancho Gracia, *La lengua de las mariposas* de José Luis Cuerda e *O lapis do carpinteiro* de Antón Reixa.

Licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa, é coautor do dicionario *Ir Indo*.

Toni Salgado (*Mathieu, fillo de Adrien*)

Procedente da escena universitaria, Toni Salgado chega ao teatro profesional da man de A Factoría Teatro, compañía coa que actúa nos espectáculos *Os homes só contan até tres* (2005-2006) e *O canto do Dime-Dime* (2004), baixo a dirección de Cristina Domínguez, e *lesi Cebola contra a doutora Rabia Rabiña*, dirixido por Alfredo Rodríguez.

Como integrante da Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela, protagonizou *Hamlet* en 2004, ademais de participar nas montaxes *Apnea* (2003), *Matanza* (2002), *O burgués xentilhome* (2001) e *Os vellos non deben de namorarse* (2000), dirixidas todas elas por Roberto Salgueiro.

Na súa experiencia audiovisual, entre 2002 e 2003 realizou traballos de figuración na película para televisión *Cota Roja* e nas series *Rías Baixas* e *Avenida de América*. En 2001, participou nas curtametraxes *You are not thinking of me* (Escola de Imaxe e Son da Coruña), *A escuridade foi varrida da terra* (Servimav da Universidade de Santiago) e *Regreso á vella casa* (Facultade de Ciencias da Comunicación da USC).

Ademais do seu paso pola Aula de Teatro da USC, ten asistido a diferentes cursos e obradoiros teatrais impartidos por Artur Trillo (interpretación), Alfonso Zurro (dirección), Pascual Varo (teatro de rúa), Xosé Manuel Esperante (interpretación), Miro Moreira (formación coral, vocal e auditiva) e Ana Portela (formación rítmica e danza).

Rocío González (*Fátima, filla de Mathilde*)

Como actriz teatral, nos últimos anos traballou baixo a dirección de Cristina Domínguez nas montaxes *Coitelos nas galiñas* (2001), *O canto do Dime-Dime* (2003) e *O tío Vania* (2005), todas elas postas en escena por A Factoría Teatro, compañía coa que actuou no espectáculo para público infantil *lesi Cebola contra a doutora Rabia Rabiña* (2004), dirixido por Alfredo Rodríguez, ademais de desenvolver tarefas de axudante de dirección en *As presidentas* (2000) e *Os homes só contan até tres* (2005).

Na súa traxectoria interpretativa tamén sobresaí a súa participación no primeiro espectáculo infantil producido polo Centro Dramático Galego, *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (2004), e en *Tuanis* (2002) da compañía Nut.

Rocío González ten intervindo, ademais, en diferentes *performances* —*Me gusta que me lo hagas* (Espacio Aberto, 2001)—, lecturas dramatizadas e na serie de televisión *Terras de Miranda* (outubro 2005-marzo de 2006).

A súa formación teatral centrouse na interpretación e no traballo corporal como alumna da Escola de Teatro e Danza Espacio Aberto de Santiago, onde asistiu tamén a cursos especializados impartidos por Mónica Valenciano (*Los cinco sentidos en movimiento*), Carlos Neira (acción contemporánea), Osvaldo Bermúdez (acrobacia), Manuel García (teoría teatral) e Cristina Domínguez (técnica vocal), entre outros.

Alberto Rolán (*Edouard, fillo de Mathilde*)

A súa traxectoria interpretativa comeza no sector audiovisual como actor nas curtametraxes *Quadlibetos*, dirixida por Alberto Espada no ano 2000, e *A ruta do carbón*, de Xosé Lois Santiago, en 2001. Ese mesmo ano participa en *Entre bateas*, película para televisión dirixida por Jorge Coira.

En 2002 codirixe con Alberto Espada a curtametraxe *O paseo*, na que tamén intervén como actor. Actúa, ademais, noutra curta —*Septiembre*, de José Freixal (2003)— e nas series *As leis de Celavella* (2004), *Rías Baixas* (2004) e *Terras de Miranda* (2006), emitidas pola TVG.

No ámbito escénico e durante a súa etapa como alumno da Escola Espacio Aberto (1999-2003) e do Curso de Posgrao en Arte Dramática Teoría e Práctica da Interpretación da Universidade de Santiago (2004-2005), traballa en diferentes proxectos. Así, en 2002 forma parte dos elencos do cabaré *Caviar*, dirixido por Ángel Burgos e Luis Llamas, e da montaxe *Sur*, con Sandra Lesta na dirección. Ao ano seguinte, participa no espectáculo *I love you*, dirixido por Marta Pazos, e en 2005, interpreta o monólogo *La noche justo antes de los bosques*, de Koltès, da man de Carlos Neira. Este ano 2006 dirixe a montaxe *O menino da raia*.

Ten asistido a cursos monográficos impartidos por Luís Iglesias (dobraxa), Carlos Neira (acción contemporánea), Luis Brusca (teatro de rúa), Luis Llamas e Ángel Burgos (cabaré) e Ion Munduate e Blanca Calvo (danza).

Ursia Gago (*Marie Ronzerieulles, primeira muller de Adrien. Está morta*)

Actriz de teatro e cine, a súa actividade escénica dá comezo da man de Roberto Vidal Bolaño e Teatro do Aquí, compañía coa que, entre 1994 e 1998, intervén nos espectáculos *Anxeliños*, *O desengano do priorio*, *Touporroutou da Lúa e do Sol* e *A ópera de a patacón*.

A súa experiencia profesional amplíase cos seus traballos interpretativos nas montaxes *A viaxe de Lola* (Alalá Producións, dirixida por Cristina Domínguez, 1998-2000), *Insomnio* (Cachuzo Teatro, dirixida por Carlos Losada, 2003), *O ano do cometa* (Centro Dramático Galego, dirixida por Quico Cadaval, 2004) e *Polas gracias de Dios*, da que é autora xunto a Carlos Losada e que dirixiu Cristina Domínguez en 2005. Ese mesmo ano, Ursia Gago traballou como axudante de dirección en *Tío Vania*, espectáculo producido por A Factoría Teatro.

En cine, participou nos filmes *El rey del río* (Manuel Gutiérrez Aragón, 1994), *A danza de Katiuska* (Alfonso Zarauza, 1997) e *La lengua de las mariposas* (José Luis Cuerda, 1998), así como nas curtametraxes *La edad oscura* (Sergi Esguevas), *Monopolis* (Iván Romero) e *Un banco en el parque* (Pedro Lorca), todos eles realizados entre 2001 e 2002.

Cursou estudos de interpretación no Centre d'Estudis Cinematogràfics de Catalunya e na Escola de Teatro e Danza Espacio Aberto, ademais de asistir a diferentes cursos monográficos de teatro, danza contemporánea, expresión oral e corporal, e canto con Hisako Horikawa, Beatriz Fuentes, Andrés Corchero, Ramón Bermejo, Cristina Domínguez, Leonor Agudelo, Diane Arvanites, Elena Córdoba e Carlos Marquerie, Manuel Lourenzo, Dorotea Bárcena e John Eastman, entre outros.

Josefa Barreiro (*Marthe, irmá de Marie e segunda muller de Adrien*)

Actriz teatral, inicia a súa actividade profesional a mediados dos oitenta como membro fundadora de Teatro de Ningures, grupo co que participou nas montaxes *E vostede... como se chama* (1985), *Zeussion continua* (1986), *Pasos* (1990), *Elektra* (1991-1992), *O polbo* (1993), *Crónica de Pantagruel* (1992-1005), *Tic-Tac* (1995), *Lugar común* (1999), *Decorcheas* (2000), *Fausto* (2001), *Círculo* (2002), *Troianas* (2004) e *Tartufo* (2005), así como en *Terra de lobos*, coproducida en 1996 xunto ao Centro Dramático de Viana do Castelo. Foi, así mesmo, cofundadora do Colectivo Vagalume, de Vigo, co que interveu nas creacións *O labirinto dos vagalumes* (1988) e *Dona Carnala na rúa* (1987), da Cooperativa Cultural Café Teatro do Real de Moaña e da sección de Vigo da Escola Dramática Galega.

Josefa Barreiro ten traballado anteriormente co Centro Dramático Galego en *Memoria de Antígona* (1998), *O bufón de El Rei* (1997), *O peregrino errante que cansou ao demo* (1998), *Lisístrata, ou de cando as mulleres reviraron* (1998) e *Como en Irlanda* (1996); con Teatro do Morcego en *A gran ilusión* (2002), *Os vellos non deben de namorarse* (2001) e *Momo* (2001-2001); coa compañía de danza Dobre Xiro en *A casa das cinco esquinas* (1999); con Producións Teatrais do Sur en *Macbeth* (1994-1995); e con Faba Na Ola en *A illa das sorpresas* (1988-1989).

Noutras facetas escénicas, encargouse do movemento escénico e da coreografía en *O Principiño* de Teatro de Ningures (2002), compañía para a que deseñou a escenografía de *O polbo* (1993). Foi tamén axudante de dirección de Javier Pérez no espectáculo *Dale recuerdos* de Cobaya Teatro (1999).

Canto á súa actividade docente, destaca o seu traballo como profesora na Aula de Teatro da Universidade de Vigo (2000-2006), ademais de nos obradoiros teatrais do Curso para Animadores Socioculturais da Escola de Adultos de Vigo (dende 2000 até a actualidade) e en diferentes talleres organizados tanto polo Concello vigués como por diferentes asociacións e colexios da cidade.

Como alumna, ten asistido a numerosos cursos impartidos por Alberto Rivero, Cristina Domínguez, Moisés González, Berta Ojea, Mirta Beutel, Albert Boadella, Saburo Shimada, Glenna Barson, Fabio Mangolini, Bárbara Hammliton, Shelma Shoregui, e Alberto Bokos, entre outros.

Pilar Pereira (Maame Queuleu, ama)

Actriz de teatro, cine e televisión, posúe unha dilatada traxectoria sobre as táboas, que inicia en 1958 coa súa participación na primeira versión en galego da *Antígona*, de Anhouil, asinada por Xosé Manuel Beiras e Franco Grande. En teatro, traballa en numerosos espectáculos producidos tanto dentro como fóra de Galicia: *Tío Vania* (A Factoría Teatro, 2005), *Contrátenos, por favor!* (Compañía Pilar Pereira, 2000-2001), *Un lunar vermello* (Pilar Pereira, 1999), *Doentes* (Teatro do Aquí, 1999), *A voda dos moinantes* (Compañía Marías, 1997), *A esmorga* (Sarabela Teatro, 1995), *Ofelia sen a virtude do pudor* (Pilar Pereira, 1995), *Electra* (Escola Dramática Galega, 1994), *Días sen gloria* (Teatro do Aquí, 1994), *Saxo tenor* (Teatro do Aquí, 1993), *O incerto señor don Hamlet* (CDG, 1992), *Así é se vos parece* (CDG, 1991), *El placer que nos destierra* (Noctámbulos, 1989) e *El rinoceronte* (Compañía Gonzalo Cañas, 1988), entre outros.

En 1965, crea en París a compañía La Barraca, coa que pon en escena unha quincena de montaxes, e entre 1974 e 1978, traballa como directora e actriz no grupo colombiano La Teja. Con anterioridade, intervén nas producións de Los Goliardos *Ceremonia por un negro asesinado* (1964) e *Fuenteovejuna* (1963), ademais de en *La gobernadora de Benavente* (Compañía María Arias, 1963), *Trilogía de la avaricia, la lujuria y la muerte* (dirixida por Vicente Amadeo Ruiz, 1962), *Sonata de Espectros* (por Edward Füller, 1962), *El vicario de Dios* (por Ángel Picazo, 1962), *Las ratas suben a la ciudad* (por Fernando Fernán-Gómez, 1961), *Las entretenidas* (Compañía María Fernanda D'Ocón, 1961), *Los derechos de la mujer* (María Fernanda D'Ocón, 1960) e *Los salvajes en el puente San Gil* (dirixida por Luis Escobar, 1960).

Ten participado nunha decena de filmes —*Un cuento para Olivia* (2006), *Madres* (2005), *León y Olvido* (2003), *A Subela* (2002), *El rey del columpio* (2002), *Caída del manager* (2001), *Una luz encendida* (1999), *Sor+Vete* (1998), *Nena* (1997), *O ferreiro de Paspallás* (1996), *Negras Soidás* (1994) e *La noche más larga* (1991)—, así como noutros tantos espazos e series de TVG (*Somos unha potencia*, *Cuarto sen ascensor*, *Rías Baixas*, *Galicia Exprés*, *Mareas vivas* e *A familia Pita*), Tele5 (*Hospital Central*), Antena 3 (*Manos a la obra*), TVE (*Ramón y Cajal* e *El retablo de las maravillas*, entre outros) e Televisión Colombiana (*Las atrevidas*).

Psicóloga infantil e licenciada en Filosofía e Letras, realizou tamén diferentes traballos de dobraxe e voz, e como locutora e actriz en programas de radio.

Manuel Areoso (Aziz, criado)

Director escénico e actor de teatro, cine e televisión, Manuel Areoso posúe tamén unha ampla experiencia como actor, director, tradutor e adaptador de guións para dobraxe.

Tras poñerse á fronte de diferentes espectáculos de compañías afeccionadas, no ano 2000 dirixiu para o Centro Dramático Galego *Os vellos non deben de namorarse*. En anos anteriores traballou, ademais, como axudante de dirección noutras producións do CDG —*Lugar* (1999), *Viaxe e fin de don Frontán* (1995) e *Almas perdidas* (1987)— e en *Liberdade Bremana* (Teatro do Atlántico, 1989).

Como actor de teatro, interveu en *Hamlet* (R.T.A., 2006), *Ricardo III* (CDG, 2005), *Ensaio* (Teatro do Noroeste, 2004), *Daquel abrente* (CDG, 2003), *Footing* (Ancora Produccións, 2001), *Historia de Neera* (Teatro do Atlántico, 1991), *Liberdade Bremana* (Teatro do Atlántico, 1999), así como nos espectáculos *Fausto* (1984), *Xulia* (1984), *Edipo Rei* (1983) e *A noite dourada de Mimí de Coura* (1983) da Compañía Luís Seoane, e *O aniversario* (1982), *A benfadada historia do coitado Bamboliñas* (1981), *O folión* (1980) e *Schreck* (1980) da Escola Dramática Galega.

Canto ao sector audiovisual, participou nas longametraxes *León y Olvido* (Xavier Bermúdez, 2003); *El regalo de Silvia* (Dionisio Pérez, 2002); *Illegal* (Ignacio Villar, 2001); *Finisterre* (1997) e *Continental* (1989), de Xavier Villaverde; *Dáme algo* (1996) e *Dáme lume* (1993), de Héctor Carré; e *Los jinetes del alba* (1990), de Vicente Aranda; así como en varios capítulos das series *A vida por diante*, *As leis de Celavella*, *Rías Baixas*, *Cuarto sen ascensor*, *Galicie Exprés*, *Mareas vivas* e *Pratos combinados*, emitidas por Televisión de Galicia.

Entre outras actividades, dirixiu o Curso de Adaptación e Interpretación Teatral “O texto espectacular, teoría e práctica” da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña (curso 2002-2003) e o Taller de Audiovisuais do Concello de Bergondo (2001-2002), ademais de impartir Teoría e Historia do Teatro Galego na titulación de Pedagogía Teatral da Universidade da Coruña (2003-2004).

Areoso posúe unha ampla formación no eido das artes escénicas. No curso 1989-1990 obtivo unha bolsa da Deputación da Coruña para ampliar os seus estudos teatrais no Schauspiel-Theater de Berlín, participando como axudante de dirección e actor nun espectáculo dirixido por Ulrich Berger.

Robert Matthews (*O Gran Paracaidista Negro*)

Dá os seus primeiros pasos no ámbito da interpretación no Reino Unido, onde participou nos espectáculos *Mort* e *Dracula* postos en escena polo BPAG (Brentwood Performing Art Group) de Essex nos anos 2003 e 2002, respectivamente, e en Zimbabwe, co espectáculo *Romeo and Juliet* do Reps Theater de Harare.

Xa en Galicia, nos últimos dous anos deu vida ao *Axente Jackson* en varios episodios da serie *Pepe O Inglés*, producida por CTV e emitida pola TVG, e a diferentes personaxes nas edicións sexta e sétima da Festa do Circo, organizada por PistaCatro en Santiago.

Na actualidade, cursa estudos de interpretación teatral na Escola Espacio Aberto, en Compostela.

Mohamed Azibou (*Saïfi, patrón do café árabe*)

Como actor de teatro, intervén en diferentes espectáculos de compañías da escena afeccionada e universitaria galega, como o grupo Maricastaña, co que en 2004 asiste ao Festival Internacional de Casablanca (Marrocos) co espectáculo *O señor das moscas*; Tricomía Teatro, con *Tres en un* (2003); e a Aula de Teatro da Universidade de Vigo, con *Mórdeme* (2003), *Ecos e silencios* (2002-2003) e *A balada do cárcere de Circe* (2001-2002).

En 1993, participa na película *Alegre ma non troppo*, dirixida por Fernando Colomo. Ten colaborado, así mesmo, en diversas curtas para a Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo e en vídeos musicais.

César Goldi (*Plantières, prefecto da Policía*)

Actor de teatro, cine e televisión, nos últimos dez anos traballou en sete espectáculos producidos por A Factoría Teatro: *Tío Vania* (2005), *Coitelos nas galiñas* (2001), *As presidentas* (2000), *A casa de América* (1998), *Para o leste do Gantry* (1997), *Cantos, contos, contas* (1995) e *Na soedade dos campos de algodón* (1995), de Bernard-Marie Koltès.

Co Centro Dramático Galego, formou parte dos elencos de *A comedia do Gurgullo* (2003), *Rosalía* (2001) e *A Lagarada* (1992). Participa tamén no espectáculo *The Magical Brothers*, escrito e dirixido xunto a Luis Tosar e Piti Sanz, ademais de nas montaxes *Caperucitoloxía* da compañía Contra-Contos (1999), *¿Eres tú, Pancho Villa?* de De Fabulous Perralhas (1994), *Escola de bufóns* de Ollomoltranvía (1996), e *O desengano do prioiro* e *Saxo tenor* de Teatro do Aquí (1995 e 1993, respectivamente).

En televisión desenvolveu papeis protagonistas en *Mareas vivas*, *Un mundo de historias*, *Machiños*, *Canalone* e *Cuarto sen ascensor*, ademais de participar en varios episodios de *Pratos combinados*, *Galicia Exprés*, *Petra Delicado*, *El Comisario*, *Cuéntame* e *Terras de Miranda*. Foi tamén presentador e cantante nas Xabaxiras do Xabarín Club, realizou "sketches" para espazo *Por fin ya es viernes... o no*, producido por Globomedia, e interveu nos filmes para televisión *Pataghorobí* e *Chapapote, o no*.

Canto ao cine, traballou como actor de reparto nas longametraxes *Sei quen es*, *Lena*, *O regalo de Silvia*, *El año de la garrapata*, *Un día en Europa* e *El rey de los huevones*, e participou nas curtas *A proba*, *A ti como se che di adeus*, *Antonio, Jorge e Luis*, *Aerolito*, *La verdad si no miento*, *Las rubias los prefieren caballeros*, *El último peldaño* e *Retrato*.

Ademais da súa formación como alumno da Aula de Teatro e do Curso de Especialización en Arte Dramática da Universidade de Santiago, con mestres como Jacques Nichet, Claude Buchvald, Thomas Leabhart e Manuel Lourenzo, asistiu, entre outros, a cursos monográficos impartidos por Fabio Mangolini (Commedia del Arte), Leo Basi e Eric de Bont (clown, bufón), Martin Adjemian e Augusto Fernández (interpretación).

Alfredo Rodríguez (Borny, avogado)

Director, actor e produtor teatral, a súa actividade profesional no sector escénico está directamente vinculada á da compañía A Factoría Teatro, para a que dirixe *lese cebola contra a doutora rabia Rabiña* (2004), *O faiado encantado* (en coprodución con Dobre Xiro Danza, 1999), *Cantos, Contos, Contas* (1995) e *Voces no vento* (1992). En 2004 dirixiu, ademais, o espectáculo *O touporroutou da Lúa e do Sol* na Escola Municipal de Teatro de Vigo.

Como actor, traballou en numerosas montaxes producidas por A Factoría Teatro —*Os homes só contan até tres* (2005), *Tío Vania* (2005), *O canto do Dime-Dime* (2004), *Coitelos nas galiñas* (2002), *As presidentas* (2000), *O faiado encantado* (1999), *A casa de América* (1998), *Para o leste do Gantry* (1997), *Cantos, Contos, Contas* (1995), *Na soedade dos campos de algodón* (1994) e *Voces no vento* (1992)—, Centro Dramático Galego —*Rosalía* (2001), *Os vellos non deben de namorarse* (1999), *Xelmírez ou a gloria de Compostela* (1999), *Así é se vos parece* (1991) e *Yerma* (1990)—, Teatro da Lúa —*As troianas. Botín de guerra* (1998), *Entre bastidores* (1997) e *A irmandade do Graal* (1992)—, Uvegá Teatro (*Electra*, 1993), Matarile Teatro (*Café acústico*, 1993), Teatro Garufa de Salamanca (*Estado de sitio*, 1987) e Aula Juan del Enzima de Salamanca (*Las conversiones, o el carnaval de un reino*, 1986). En 2001, participou como recitador no concerto *Sete escenas de Hamlet*, ofrecido pola Real Filharmonía de Galicia e o Coro da Comunidad de Madrid.

Autor das unidades didácticas dos espectáculos *O merlo branco* de Tranvía Teatro, *A Celestina* de Teatro da Lúa, e *Voces no vento*, *A casa de América*, *Tío Vania* e *Os homes só contan até tres* de A Factoría, Alfredo Rodríguez encargouse tamén da elaboración do caderno educativo que o CDG preparou para o seu novo espectáculo.

Licenciado en Ciencias da Educación na especialidade de Pedagogía Terapéutica, posúe unha ampla experiencia como profesor en cursos e obradoiros escénicos impartidos na Universidade de Santiago, na Artística Teatro e Danza de Vigo, nos centros de Formación e Recursos de Santiago e Vigo, no centro de Formación Continuada para o Profesorado de Santiago e Ourense, e na Escola de Tempo Libre Don Bosco de Santiago, entre outros. Conta, ademais, cunha extensa formación en artes escénicas e xestión cultural.

Vicente Montoto (*Sablon, prefecto do Departamento*)

Ten asinado numerosos traballos como autor, director e actor dramático, unha gran parte deles producidos pola súa compañía, Uvegá Teatro, coa que puxo en escena as súas obras *Pallasos* (2004), *Un home que se parecía a Macbeth* (1999), *Zocos* (xunto a Manuel Lourenzo, 1998), *Pa* (1996), *Volve o cabaré* (1992), *Freda Gómez* (1989) e *Trínguilin Trángala* (1988), así como as súas adaptacións de *Mulleres* (1992), *O retrato de Dorian Grai* (2001) e *Cea para dous* (1990), todas elas baixo a súa dirección. É tamén autor do texto *Ourense empalme*, editado pola Revista Galega de Teatro en 1997.

Ademais dos mencionados, dirixiu os espectáculos *Lorenzo Varela, irmán, compañeiro, camarada* (2004), *A señorita Xulia* (2000), *A elas e a Cunqueiro* (1991) e *Cochos* (1987) para Uvegá Teatro, e *Historias de taparratá* (1985) para Teatro Caritel. Encargouse, ademais, da dirección de *Os poetas co traballo* (1998) para a Casa das Artes de Vigo, da Homenaxe a Santiago Álvarez (1996) no Teatro Principal de Santiago, do Festival María Manuela e Miguel (1995) e do Homenaxe a Voces Ceibes (1993) no Auditorio de Galicia, e da obra *A revolta*, de Xenaro Mariñas del Valle, estreada en 1968 polo grupo A Nosa Galiza de Xenebra (Suíza) e na que traballa, ademais, como actor.

Canto á súa traxectoria actoral, realiza a súa primeira representación profesional aos 16 anos en *El octavo día* coa compañía de Delia Garcés e Enrique Fava, en Bos Aires. Tamén en Arxentina participa en *El convidado de piedra*, *El gran teatro del mundo*, *Julieta o la llave de los sueños*, entre outras producións.

Xa en Galicia, actúa coas compañías Histrión 70 (*Sos de estrelecer*), Caritel Teatro (*Isto non é serio señores*, *Ollo ó piollo King-Kong* e *Historias de taparratá*), Uvegá Teatro (*Cochos*, *Cea para dous*, *A elas e a Cunqueiro*, *Electra*, *Pa*, *Zocos*, *Un home que se parecía a Macbeth*, *O retrato de Dorian Grai*, *Pallasos* e *Lorenzo Varela, irmán, compañeiro, camarada*), CDG (*A pousadeira*, *O mozo que chegou de lonxe*, *A noite vai coma un río*, *O incerto señor don Hamlet*, *A Lagarada*, *Nin me abandonarás nunca*, *Viaxe e fin de don Frontán*, *Nau de amores*, *Hostia* e *Xelmírez ou a gloria de Compostela*), Teatro do Atlántico (*Liberdade Bremana*), Teatro do Aquí (*Saxo tenor*), Producións Máxicas (*O camiño das estrelas*) e A Factoría Teatro (*Tío Vania*).

En cine, participou nos filmes *Galego*, *Esperanza*, *Urxa*, *La ley de la frontera*, *Nena* e *Heroína*. A súa actividade interpretativa esténdese tamén á radio e á televisión.

| **IMAXES** |

Fotografías de Tono Arias









